

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 2021/2022

ESTELA PSICOLÓXICA DOS EQUIPOS DE ENFERMARÍA QUE SE ENCONTRAN EN PRIMEIRA LIÑA FRONTE Á COVID-19

Martín Villaverde Pardo

Directora: Julia Margarita Talegón López

INDICE DE CONTENIDO

| | |
|---|----|
| 1.RESUMO E PALABRAS CLAVE | 1 |
| 1.1 Galego | 1 |
| 1.2 Inglés | 2 |
| 1.3 Castelán..... | 3 |
| 2. INTRODUCIÓN | 4 |
| 3. XUSTIFICACIÓN E APLICABILIDADE DO PROXECTO | 10 |
| 4.HIPÓTESE..... | 12 |
| 5.OBXECTIVOS | 12 |
| 5.1. Obxectivo Principal | 12 |
| 5.2. Obxectivos específicos | 12 |
| 6. METODOLOXÍA | 13 |
| 6.1 Búsqueda de información..... | 13 |
| 6.2. Deseño do estudo..... | 13 |
| 6.2.1. Tipo de estudo | 13 |
| 6.2.2. Ámbito | 14 |
| 6.2.3 Período do estudo | 15 |
| 6.2.4 Poboación de estudo | 15 |
| 6.2.5 Criterios de Selección..... | 15 |
| 6.2.6 Determinación do tamaño muestral..... | 16 |
| 6.2.7 Establecemento de variables | 17 |
| 6.2.8 Ferramentas e técnicas de recollida de datos..... | 17 |
| 6.2.9 Estratexia de recollida dos datos..... | 18 |
| 6.2.10 Análise dos datos | 19 |
| 7. LIMITACIÓN DO ESUDO | 20 |
| 8. PLAN DE TRABALLO..... | 22 |
| 9. ASPECTOS ÉTICOS..... | 24 |
| 9.1 Principios éticos e normativa xurídica..... | 24 |
| 9.2. Permisos e consentimentos | 25 |
| 10. PLAN DE DIFUSIÓN DE RESULTADOS..... | 25 |
| 10.1 Revistas científicas | 25 |
| 10.2 Congresos | 27 |
| 11. MEMORIA ECONÓMICA | 27 |
| 11.1 Recursos necesarios | 27 |
| 11.1.1 Recursos humanos..... | 27 |
| 11.1.2 Recursos materiais | 27 |
| 11.2 Posibles fuentes de financiamento..... | 29 |
| 12. BIBLIOGRAFÍA..... | 30 |
| ANEXOS | 35 |

ÍNDICE DE TÁBOAS

| | |
|--|----|
| Táboa 1. Tamaño da mostra | 17 |
| Táboa 2. Cronograma do proxecto de investigación..... | 22 |
| Táboa 3. Cronograma da realización do estudo | 23 |
| Táboa 4. Revistas nacionais con factor de impacto | 26 |
| Táboa 5. Revistas internacionais con factor de impacto | 26 |
| Táboa 6. Orzamento..... | 28 |

ÍNDICE DE FIGURAS

| | |
|---|----|
| Figura 1. Área sanitaria de referencia da XXIAC | 14 |
| Figura 2. Hospital da Coruña..... | 15 |

ÍNDICE DE ANEXOS

| | |
|---|----|
| Anexo 1. Enquisa sociodemográfica | 35 |
| Anexo 2. DASS - 21..... | 36 |
| Anexo 3. Cuestionario de estrés laboral de Karasek | 37 |
| Anexo 4. Escala de Trauma de Davidson | 39 |
| Anexo 5. Permiso para estudio do CAEIG | 40 |
| Anexo 6. Consentimento informado | 41 |
| Anexo 7. Folla de información ao/á paciente adulto/a | 42 |
| Anexo 8. Compromiso do investigador principal | 44 |
| Anexo 9. Carta de presentación do investigador | 45 |
| Anexo 10. Solicitude á dirección de enfermaría para acceso a la poboación de estudio..... | 46 |

ÍNDICE DE ABREVIATURAS

AMM – Asociación Médica Mundial

ARN – Ácido Ribonucleico

CAEIG - Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia

CHUAC – Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

CIE – Consello Internacional de Enfermaría

DASS-21 - Depression Anxiety Stress Scales

DoH – Declaration of Helsinki

DSM-IV – Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais

EE. UU. – Estados Unidos

FI – Factor de Impacto

JCR – Journal Citation Reports

LOPD - Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal

MANOVA - Análise Multivariado Sucesivo da Varianza

NY – Nova York

OMS – Organización Mundial da Saúde

SARS COV 2 - Severe acute respiratory syndrome coronavirus 2

SCR – Scimago Journal Rank

TEPT – Trastorno Por Estrés Postraumático

UCI – Unidade de Coidados Intensivos

WoS – Web of Science

XXIAC – Xerencia de Xestión Integrada da Coruña

1. RESUMO E PALABRAS CLAVE

1.1 Galego

Introdución: a pandemia de COVID-19 cambiou o mundo. Existe unha batalla sanitaria en curso contra o SARS-CoV-2, na que as enfermeiras estiveron en primeira liña desde o seu inicio. O seu custo, cuantificado en sufrimento, dano psicolóxico e emocional, xunto coas repercusións na formación e na economía, ofrece importantes razóns para traducir as experiencias vividas en ensinanzas para levar á práctica. Non cabe dúbida de que os profesionais sanitarios teñen unha serie de necesidades a distintos niveis que se ven alteradas en situacións de pandemia, que poden afectar o seu desempeño profesional.

Obxectivo: Analizar como se encontra a saúde mental dos equipos de enfermaría que están en primeira liña fronte á pandemia no CHUAC, describindo a prevalencia de trastornos de saúde mental, identificando os factores de risco e determinando o estrés postraumático.

Metodoloxía: Este estudio é observacional, descriptivo e de corte transversal. Deseñouse un cuestionario que contén 3 escalas validadas e seleccionouse unha mostra representativa de todas as enfermeiras que desenvolven o seu traballo en urxencias, UCI e nas unidades COVID do CHUAC.

Palabras clave: COVID-19, pandemia, primeira liña, burnout, sobrecarga, psicolóxico.

1.2 Inglés

Introduction: The COVID-19 pandemic has changed the world. There is an ongoing health battle against SARS-CoV-2, in which nurses have been at the forefront since its inception. Its cost, quantified in suffering, psychological and emotional damage, along with repercussions in training and economics, offers important reasons to translate lived experiences into lessons to be put into practice. Undoubtedly, healthcare professionals have a series of needs at different levels that are altered in pandemic situations, which may affect their professional performance.

Objective: To analyse the mental health of the nursing teams on the front line of the pandemic in the CHUAC, describing the prevalence of mental health disorders, identifying risk factors and determining post-traumatic stress.

Methodology: This study is observational, descriptive, and cross-sectional. A questionnaire containing 3 validated scales was designed and a representative sample was selected among all nurses working in the emergency department, ICU and COVID units of the CHUAC.

Key words: COVID-19, pandemic, first line, burnout, overload, psychological.

1.3 Castelán

Introducción: La pandemia de COVID-19 ha cambiado el mundo. Existe una batalla sanitaria en curso contra el SARS-CoV-2, en la que las enfermeras se encuentran en primera fila desde su inicio. Su coste, cuantificado en sufrimiento, daño psicológico y emocional, junto con repercusiones en formación y economía, ofrece razones importantes para traducir las experiencias vividas en lecciones a poner en práctica. Es indudable que los profesionales sanitarios tienen una serie de necesidades a distintos niveles que se ven alteradas en situaciones de pandemia, pudiendo afectar a su desempeño profesional.

Objetivo: Analizar cómo se encuentra la salud mental de los equipos de enfermería que están en primera línea frente a la pandemia en el CHUAC, describiendo la prevalencia de trastornos de salud mental, identificando los factores de riesgo y determinando el estrés postraumático.

Metodología: Este estudio es observacional, descriptivo y de corte trasversal. Se ha diseñado un cuestionario conteniendo 3 escalas validadas, y se ha seleccionado una muestra representativa entre todos los enfermeros que desarrollan su trabajo en urgencias, UCI y en las unidades de COVID del CHUAC.

Palabras clave: COVID-19, pandemia, primera línea, burnout, sobrecarga, psicológico.

2. INTRODUCIÓN

A pandemia de COVID-19 cambiou o mundo: a nosa forma de vivir, socializar, traballar, interactuar cos demais e a forma na que prestamos coidados de enfermaría. A visibilidade das enfermeiras aumentou como nunca, destacando que son indispensables para a atención sanitaria, ademais de ser o eixo vertebrador de todos os servizos sanitarios.

O custo da pandemia cuantificado en mortes de seres humanos, enfermidade e sufrimento, separación física e illamento, dano psicolóxico e emocional, xunto coas súas repercusións na formación e na economía, ofrece importantes razóns para traducir as experiencias vividas en leccións para poñer en práctica. non só para previr futuras crises, senón para avanzar e repensar a sanidade para mellorar a saúde e o benestar. [1]

Os profesionais de enfermaría chamados a atender en primeira liña ás persoas que presentan COVID 19 son persoal científicamente formado, cunha visión integral que os converte en líderes no tratamento de todas as situacións de forma ética, desde diferentes puntos de vista: administrativo, investigador, docente e asistencial no ámbito clínico e ámbito comunitario. [2]

As enfermeiras están a afrontar grandes dificultades. Cada país está nun nivel de desenvolvemento diferente, e a cultura, a política, as lingua e outros factores fan que a enfermería en cada país (e mesmo en cada rexión) sexa única. Aínda así, algúns temas universais parecen influír no desenvolvemento da enfermaría en cada país. Resúmense en poder, xénero e medicalización. Os tres están intimamente relacionados.

- Poder: Ou a súa falta. En ningún país da rexión europea as enfermeiras desempeñan un papel vital na formulación de políticas e na toma de decisión en todos os niveis do sistema sanitario. Mesmo nos países onde os ministerios de saúde teñen grandes departamentos de enfermería, as enfermeiras teñen que loitar continuamente para asegurarse de que se escute a súa voz. Noutros moitos países non teñen ningún enfermeiro en altos cargos; de feito, o encargado dos asuntos de enfermaría adoita ser un médico.

A existencia de ministerios de sanidade non cambia o mundo, pero o fortalecemento da enfermería a ese nivel é importante a nivel simbólico e político, e é un indicador do poder que teñen as enfermeiras nun país. É probable que a falta

de poder a ese nivel se refilcta noutro lugar, por exemplo na ausencia da contribución da enfermería á toma de decisións do equipo sanitario.

- Xénero: en todos os países, as mulleres ocupan a gran maioría dos postos de enfermería; os homes raramente superan o 10%. A enfermería é en todos os lados un traballo de mulleres, e comparte características doutras ocupacións dominadas polas mulleres: baixos salarios, baixo estatus, pouco recoñecemento, malas condicións laborais, poucas posibilidades de ascenso e pouca formación. As enfermeiras sofren esta discriminación de xénero na súa vida persoal e laboral. A maioría vense obrigadas a traballar no que se coñece como dobre turno, chegando á casa dun duro día no hospital, clínica ou centro de saúde e empregando o seu tempo libre para atender fillos, parellas e persoas maiores ou discapacitadas. Coidando constantemente polos demás, adoitan descubrir que ningúén se preocupa por eles. Só alimentar e vestir á familia xa é un traballo a tempo completo, e a maioría dos homes seguen relacionando o traballo doméstico e o coidado dos fillos como un traballo de mulleres.
- Medicalización: a medicina domina os sistemas de saúde europeos. Déronse algúns pasos para facer realidade a atención primaria, pero en todos os países a atención aguda recibe más prestixio e recursos. Na maioría dos países da rexión europea, os ministros de sanidade, os funcionarios e os altos responsables sanitarios son médicos. No hospital ou na comunidade, as enfermeiras adoitan ser vistas como auxiliares médicos cuxo traballo é realizar ordes médicas; o compoñente de coidar ou curar é invisible ou infravalorado.

As enfermeiras deben comprender as crenzas e os valores dos doentes e recoñecer que as persoas difiren nos seus valores de saúde e comportamentos. Non deben ser etiquetados con enfermedades, sendo suxeitos pasivos e incapaces de modificar o seu estado de saúde. Débese adoptar un punto de vista máis equilibrado: un coidado comprensivo que teña en conta o punto de vista do paciente, a súa cultura e as súas crenzas en saúde, e na que sexa significativo o seu rol como membro dunha familia, grupo e comunidade. As persoas deben ter información relevante para poder participar e influír no seu coidado. [3]

O movemento Nursing Now foi deseñado para mellorar a saúde global promovendo e valorando o perfil e o estatus das enfermeiras, axudado polo ano internacional do persoal de enfermería e partería e a publicación do primeiro informe sobre o estado mundial das enfermeiras. Ademais, a OMS publicou as Directrices Estratéxicas para Enfermeiras e

Matronas, que indica a dirección na próxima década e céntrase en traballos, o liderado, a formación previa ao servizo e a práctica.

Moitos gobiernos e ministros de saúde respondieron: 24 países investiron máis en enfermería en resposta á campaña, máis de 800 empregadores realizaron programas de desenvolvemento para enfermeiras e matronas, e agora hai moitas más enfermeiras en postos directivos e de influencia. [4]

Nun contexto de pandemia global, debemos saber o que se considera saúde, e cal é o papel dos profesionais sanitarios, en concreto dos enfermeiros, para abordar este reto de forma científica baseada na evidencia, co fin de desenvolverse como profesión e cumplir cos obxectivos xerais de promoción da saúde:

- Saúde global: A saúde global refírese a unha área de práctica, estudo e investigación que prioriza a mellora da saúde, logrando a equidade en saúde para todas as persoas e garantizando sistemas socioculturais, políticos e económicos sustentables que promovan a saúde. A saúde global implica saúde planetaria, que é igual á saúde humana, animal, ambiental e dos ecosistemas, e enfatiza nos problemas, determinantes e solución de saúde transnacionais; involucra moitas disciplinas de dentro e fóra das ciencias da saúde e promove unha colaboración interdependente e interdisciplinar; e é unha síntese de prevención baseada na poboación con coidado holístico individual.
- Enfermería global: É o uso do proceso de enfermaría baseado na evidencia para promover a saúde no mundo dun xeito sustentable e equitativo para todos. A enfermaría global considera os determinantes sociais da saúde, incluíndo a atención individual e poboacional, investigación, educación, liderado, promoción e iniciativas políticas. As enfermeiras globais participan nun espírito de deliberación e reflexión en asociación interdependente coas comunidades e outros provedores de atención médica. [5]

Existe unha batalla sanitaria en curso contra o SARS-CoV-2, na que as enfermeiras están na primeira liña desde o seu inicio, que se cre que está nun mercado en Wuhan, en China, a finais de 2019.

Comezaron a rexistrarse casos de pneumonía inexplicable e percibiuse unha asociación entre os doentes e o mercado de Huanan, no que a maioría eran vendedores. As autoridades pecharon o centro o 1 de xaneiro de 2020 para máis estudos e desinfección.

Estudos retrospectivos posteriores identificaron casos adicionais a partir de decembro de 2019, nos que non se reportou de relación con ese mercado.

Na pandemia de SARS de 2002-2004 foron as civetas as que actuaron como hóspede para a súa propagación aos humanos, e na pandemia de COVID inicialmente críase que se podía tratar de pangolíns, pero estudos epidemiolóxicos posteriores non corroboraron esta teoría, polo tanto, aínda se descoñece como se transmitiu aos humanos.

O virus que causa a COVID-19 foi rapidamente illado e secuenciado dos doentes, e publicado por investigadores chineses en xaneiro de 2020. Os resultados mostraron un virus de ARN de cadea positiva pertencente á familia Coronaviridae, novo para os humanos.

En febreiro de 2020, convocouse a misión conxunta OMS-China sobre COVID-19 para informar da planificación para China e o resto do mundo sobre os próximos pasos na resposta ao gromo de COVID-19, e foi o primeiro protocolo dos moitos que chegarían para tratar de deter e conter a propagación do novo virus.[6]

A partir de aí, o gromo cruzou as fronteiras máis afastadas para converterse rapidamente nunha pandemia global e convivir connosco ata hoxe.

A pandemia provocou unha sobrecarga dos sistemas sanitarios, onde os profesionais tiveron que aprender moi rapidamente a tratar este tipo de enfermidades, e cun equipamento e unha formación moi deficientes nos primeiros momentos.

As enfermeiras, xunto con outros profesionais sanitarios, seguen a facer fronte a unha enorme presión no traballo, e a pandemia continúa pasando factura no benestar físico e psicolóxico.

En setembro de 2020, o Consello Internacional de Enfermaría publicou un estudio que revela o continuo aumento catastrófico do número de infeccións e mortes entre os enfermeiros debido á COVID-19, e expoñendo os riscos asociados á pandemia.

En 2020, o número acumulativo de enfermeiros falecidos foi de 2.262. Non obstante, só se sumaron datos de 59 países. Nese mesmo período de tempo, os datos do CIE revelan que máis de 1.6 millóns de traballadores sanitarios foron infectados, e só con datos de 34 países. Isto fainos comprender a importancia da anticipación e a protección, xa que foi unha situación sen precedentes na que a falta de materiais expuxo aos traballadores da saúde, que eran os que atendían aos enfermos do COVID-19.

Estudos de diferentes rexións destacaron o estrés e a ansiedade das enfermeiras e doutros traballadores sanitarios. Na primeira fase da pandemia en China, a metade das enfermeiras informaron de burnout moderado ou alto. Nos Estados Unidos, unha enquisa revelou que o 93% dos traballadores da saúde estaban experimentando estrés, e o 76% esgotamento e burnout. En España, o 80% das enfermeiras reportou síntomas de ansiedade e de burnout crecente.

A evidencia emerxente sugere que hai un fenómeno global de trauma masivo experimentado polas enfermeiras que traballan na resposta ao COVID-19. O fenómeno é complexo e está entrelazado con varios problemas, entre eles a alta carga de traballo, o aumento da dependencia e a mortalidade dos pacientes, o burnout, o equipo de protección persoal inadecuado, o medo a transmitir o virus a familiares e coñecidos, o aumento da violencia e a discriminación contra as enfermeiras, a negación do COVID-19 e a difusión de información falsa e falta de apoio social e de saúde mental. [7]

É indudable que os profesionais sanitarios teñen unha serie de necesidades a nivel familiar, de saúde, de coñecementos e de seguridade que se incrementan en situacóns de pandemia, que poden afectar o seu desempeño profesional. [8]

O traballo directo con persoas infectadas con COVID-19 provoca un alto risco de contaxio. O medo a dito contaxio, a ausencia de contacto físico con persoas que forman parte do círculo social máis próximo e a falta de equipos de protección adecuados aumentaron a prevalencia de problemas de saúde. [9]

Existen estudos que xa confirmaron que a pandemia intensificou a ansiedad, a depresión e outra serie de afectacións psicolóxicos nestes traballadores [10]

Debido ao elevado número de contaxios e falecementos, é preciso sinalar a sobrecarga do sistema sanitario español durante estos meses. A maior parte da intervención sanitaria realizouse nos hospitais, e cando estes se saturaron, habilitáronse novos espazos e dispositivos para fazer frente á difícil crise sanitaria. [11]

Nun estudio recente, o obxectivo era comparar as consecuencias psicolóxicas que a COVID-19 xerou nos profesionais sanitarios que estiveron atendendo emergencias e os que non prestaron atención directa en China. A mostra de profesionais sanitarios que traballaron inmersos nas urgencias ou emergencias e daqueles profesionais que traballaban noutros departamentos foi de 1.173, respectivamente. Os resultados mostran que os profesionais que se enfrentaban nas emergencias sanitarias presentaban unhas saúde mental deteriorada. En concreto, os niveis de ansiedade (15.7%), depresión

(14.3%) e insomnio (47.8%) foron significativamente más elevados naqueles individuos que desempeñaban as súas funcións con persoas infectadas con COVID-19. [12]

Lu, Wang, Lin e Li. (2020) exploraron as diferenzas significativas na ansiedade, medo e depresión entre un grupo de sanitarios que estiveran en contacto estreito con pacientes infectados por coronavirus e un grupo de administrativos de hospitais. Ademais, e como resultado, demostraron que o grupo de profesionais que mantivera un contacto estreito con pacientes infectados presentaba niveis de ansiedade, medo e depresión significativamente superiores aos que tiñan tarefas de carácter administrativo. [13]

Lai et al. (2020) realizaron tamén un estudio no que participaron 1257 traballadores da saúde de China, dos cales 760 eran de Wuhan, o epicentro da COVID-19 nese país. O 71.5% presentaba síntomas de distrés, o 44.6% síntomas de ansiedade, o 50.4% síntomas de depresión e o 34% síntomas de insomnio, presentándose con máis severidade no persoal de enfermería, mulleres, profesionais de primeira liña e os que traballaban no epicentro do gromo por COVID-19 (Wuhan). [14]

Na dinámica da enfermidade da COVID-19 apréciase a relevancia do comportamento das persoas. A importancia da identificación do comportamento non só fai unha comprensión más adecuada da enfermidade, senón que tamén permite deseñar, planificar as intervencións más eficaces, permitindo que neste caso á psicoloxía poder aportar con todo o seu coñecemento científico da ciencia do comportamento para a abordaxe desta pandemia. [15]

Shanafelt et al. ofrecenos tamén unha análise interesante das posibles causas de ansiedade do equipo de saúde, como o equipamento de protección individual axeitado, estar exposto ao COVID-19 no traballo e levar a infección á casa e á familia, non ter un rápido acceso ás probas se desenvolven síntomas de COVID-19 e o medo a propagar a infección no traballo, así como a incerteza de que a súa organización apoiará e atenderá as súas necesidades persoais e familiares se desenvolven a infección, acceder ao coidado dos nenos durante o aumento de horas de traballo e o peche da escola, o apoio a outras persoas e as necesidades familiares a medida que aumentan as horas de traballo e as demandas (comida, hidratación, aloxamento, transporte), poder proporcionar atención médica competente se se desprazan a unha nova área (por exemplo, as enfermeiras que non pertencen á UCI deben funcionar como enfermeiras da UCI), e falta de acceso á información e comunicación actualizada. [16]

Todas estas preguntas que formulaos os profesionais sanitarios e as condicións das que falamos no parágrafo anterior, se perduran no tempo como xa está a suceder, somos conscientes de que os trastornos graves da saúde mental e física comenzarán a aumentar. [17]

Ademais do descrito, para aumentar a complexidade, xa hai evidencias de que os profesionais sanitarios buscan menos axuda ou asesoramento psicolóxico por prexuízos e discriminacións, a pesar de presentar problemas psicosociais entre os traballadores sanitarios dos devanditos ámbitos e con necesidade real de apoio á saúde mental. [18] [19]

Toda a literatura exposta sobre o tema dá certeza á necesidade urxente de implantar estratexias de abordaxe e prevención específica para os profesionais da saúde para previr e reducir as consecuencias a medio e longo prazo. [20]

3. XUSTIFICACIÓN E APLICABILIDADE DO PROXECTO

A COVID-19 puxo en xaque todos os sistemas sanitarios do mundo, todos os gobernos responderon para proporcionar o máis rápido posible os recursos necesarios para protexer a saúde das comunidades, dos pacientes e do persoal sanitario.

Cabe reflexionar sobre como afrontar unha pandemia como profesionais sanitarios, sen ter medo a ser contaxiados ou a contaxiar o noso entorno máis próximo (familia, amigos, compañeiros), situacións críticas, sufrimento ou morte. A nosa profesión implica un risco que ás veces pode ser moi custoso para a nosa saúde. A pesar diso e ante unhas condicións tan adversas, os sanitarios amosamos coraxe, temperanza, forza e valentía, estando á fronte da resposta á COVID-19. Despois de máis dun ano de loita as cifras son explícitas, pagamos un prezo moi alto. [21]

Os profesionais sanitarios viviron un paradoxo nesta situación: mentres a poboación en xeral tiña que quedar na casa e evitar o contacto social, eles tiveron que acudir a realizar os seus coidados en contacto directo co virus e continuamente expostos a el. Isto, unido á escaseza de equipamento de protección individual, converteunos nun dos grupos máis infectados. Como consecuencia, os profesionais sanitarios están a xestionar recursos especialmente limitados, vulnerando a súa integridade física e psíquica, e tendo que equilibrar as necesidades dos pacientes coas súas propias e as dos seus familiares.

Ademais, os profesionais da saúde atópanse nunha situación excepcional, xa que teñen que prestar atención ao mesmo tempo que toman importantes decisións éticas e morais transcentrais. Polo tanto, están expostos a un alto nivel de sufrimento dos pacientes que atenden, composto pola incerteza sobre a enfermidade, a severidade dos síntomas e o medo á morte como posibilidade real. A situación pode xerar nos traballadores sanitarios unha serie de síntomas, como medo, inseguridade e ansiedade, que se manifesta con nerviosismo, irritabilidade, dificultade para descansar e signos de distrés psicolóxico, que os fai estar en risco de desenvolver unha pobre saúde mental, podendo necesitar apoio psicolóxico ou intervencións para axudalos a afrontar a situación. [22]

Nas distintas vagas da pandemia, os recursos hospitalarios de todos os países estiveron máis saturados do normal. Nisto xoga un papel especial o número de camas existentes per cápita. España ten 3 camas por cada 100.000 habitantes, por encima de países como Suecia (2.1), Canadá (2.5) ou Dinamarca (2.6), pero por detrás doutros países como Bélgica (5.5), Alemaña (7.9) ou Xapón (12.8). [23]

E tan importante ou máis que o número de camas é o número de enfermeiros que atenden os pacientes que as ocupan, e neste indicador España está peor. En España son 5.9 por cada 1.000 habitantes, de número 28 entre os países da OCDE, e moi lonxe dos países que lideran o ranking, como Noruega (18.1), Suíza (18) ou Islandia (15.7). [24]

Nos primeiros momentos da pandemia chegouse ao 13.6% de sanitarios infectados con respecto ao total, moi superior á media doutros países más afectados pola pandemia nese momento, como China ou Italia. [25] En 10 meses a cifra ascendeu a 118.063 sanitarios contaxiados, e só nos primeiros 3 meses faleceron 63 profesionais. [26]

Varios estudos demostraron que o colectivo con maior risco de impacto na saúde mental debido á pandemia de COVID-19 é o grupo de enfermería. [27] Tamén Juan Erquicia et al. no seu estudo sobre o impacto emocional da pandemia de COVID-19 nos traballadores sanitarios do Hospital de Igualada (Barcelona), mentres se confronta a unha das fontes de contaxio más importantes de Europa, conclúe que este colectivo presenta un gran factor de risco para desenvolver trastornos psicopatolóxicos. [28]

Lai et al. no seu estudo transversal dos factores asociados á saúde mental dos traballadores sanitarios de múltiples rexións de China [29] conclúe que o 3.4% dos médicos padecían ansiedade fronte ao 5.8% do colectivo de enfermería, unha conclusión que tamén reflicte Al Maqbali M et al na súa revisión sistemática da prevalencia de estrés,

depresión, ansiedade e trastornos do sono entre as enfermeiras durante a pandemia de COVID-19. [30]

O impacto emocional que tiveron que soportar os profesionais sanitarios, e concretamente os enfermeiros deste país, como en moitos outros, é, sen dúbida, evidente, provocando sintomatoloxías asociadas á ansiedade e ao estrés, ademais de depresións.

É moi importante identificar os sinais de alerta para poder resolver problemas futuros, é a primeira vez que a enfermaría actual se enfrenta a unha situación coma esta, e creo que o noso deber como enfermeiras é investigar sobre o noso presente e o futuro, como nos encontramos agora e a onde queremos chegar.

Polo anterior, consideramos de grande importancia investigar como se senten os profesionais que están na primeira liña de actuación ante a COVID-19, porque unha axuda a tempo evitará complicacións, especialmente a cronificación dos síntomas de estrés e ansiedade, cronificación que se pode traducir en trastornos más graves se continúan no tempo, e así tamén poder aplicar programas de intervención orientados a previr trastornos psicopatolóxicos que se poidan producir noutras situacóns similares.

4.HIPÓTESE

Se se coñece ben o que senten e como se encontran psicoloxicamente os profesionais sanitarios despois de dous anos da pandemia, poderanse extraer ferramentas eficaces para fazer fronte ás situacóns de estrés que poidan producirse en futuros acontecementos adversos.

5.OBXECTIVOS

5.1. Obxectivo Principal

Analiza como se encontra a saúde mental dos equipos de enfermaría que están en primeira liña contra a pandemia no CHUAC.

5.2. Obxectivos específicos

-Describir a prevalencia de trastornos de saúde mental no equipo de enfermaría que desenvolve os seus labores no CHUAC.

-Identificar os factores de risco asociados a situacóns de estrés.

-Determinar o estrés postraumático producido pola pandemia.

6. METODOLOXÍA

6.1 Búsqueda de información

Para ter unha correcta visión da situación actual, realizouse unha busca bibliográfica nos principais buscadores específicos do ámbito sanitario.

As bases de datos utilizadas foron as seguintes: Dialnet, PubMed, Cuiden, Web Of Science (WOS), Cochrane Plus Library, Google.

Ademais da busca nas citadas bases de datos, realizouse unha busca de texto libre a través de Google Academics e das webs do Ministerio de Sanidade español e da OMS.

Ao longo do procedemento de busca bibliográfica e tratamiento da información utilizouse un xestor de referencias bibliográficas ProQuest Refworks para organizar e dar forma ás referencias de artigos, libros ou outro tipo de documentos procedentes de diferentes fontes de información.

O período de busca de información centrouse nos últimos 3 anos, desde 2019 ata a actualidade. Ademais, incluíronse artigos de anos anteriores aos citados por considerarse imprescindibles, polo seu interese conceptual.

Esta procura bibliográfica realizouse co obxectivo de coñecer a literatura escrita sobre o tema a investigar, o que nos axuda a clarificar o obxectivo que pretendemos acadar.

Todos os artigos seleccionados para o desenvolvemento desta investigación están reflectidos na bibliografía.

6.2. Deseño do estudio

6.2.1. Tipo de estudio

Este estudio é

- Observacional
- Descritivo
- De corte transversal.

6.2.2. Ámbito

O estudo realizarase no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), que pertenece á Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (XXIAC) [Figura 1] que da servizo a un total de 548.503 habitantes.



Figura 1. Área sanitaria de referencia da XXIAC. Fonte: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de A Coruña [Internet] 2020. Dispoñible en: <https://xxicoruna.sergas.gal/Paxinas/web.aspx?tipo=paxtxt&idLista=3&idContido=31&migtab=31&idTax=162&idioma=ga>

O Hospital Universitario da Coruña [Figura 2] situado na zona das Xubias, na cidade da Coruña, contaba en 2020 con 462 camas para pacientes hospitalizados con COVID e preto de 156 camas de críticos en diferentes espazos como unidades de reanimación, UCI e bloque cirúrxico no 3º andar, ademais das dúas novas UCI que se construíron nos antigos quirófanos do 5º e 6º andar. [49]



Figura 2. Hospital da Coruña. Fuente: Quincemil [Internet]. Disponible en: <https://www.elespanol.com/quincemil/temas/chuac>

6.2.3 Período do estudo

O estudo de campo para a recollida de datos da investigación realizarase durante os meses de decembro de 2022 e xaneiro de 2023.

6.2.4 Poboación de estudo

Selección dunha mostra representativa entre todas as enfermeiras/os que realizaron o seu traballo en Urxencias, UCI e nas unidades de COVID do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

A mostraxe realizarase por conveniencia, xa que se adapta perfectamente ao noso estudo, recolle voluntarios e permite obter información detallada con facilidade.

6.2.5 Criterios de Selección

Criterios de inclusión

Profesionais de enfermaría (eventuais, interinos e de plantilla) asignados a calquera das unidades de estudo, que logo de ser debidamente informados, deciden libremente participar no estudo.

Criterios de exclusión

Profesionais que non presten os seus servizos nas unidades mencionadas neste estudo, ou que libremente decidan non participar.

6.2.6 Determinación do tamaño mostral

O número total de enfermeiros que traballan na unidade de Urxencias, UCI e hospitalización COVID do CHUAC durante o período de estudo e que cumpriron os criterios de selección é de 235. O tamaño da mostra calculado para este estudio será de 110 enfermeiras; axustado a unha posible perda do 15%, cun nivel de confianza do 95% e cunha precisión do 3%, será de 129 enfermeiros.

Fórmula para calcular unha poboación finita:

$$n = \frac{N \times Z_a^2 \times p \times q}{d^2 \times (N - 1) + Z_a^2 \times p \times q}$$

Onde:

- N= Total da poboación
- $Z_{\alpha} = 1.96$ ao cadrado (xa que a seguridade é do 95%)
- p= proporción esperada (neste caso 5% = 0.05)
- q= 1-p (1-0.05= 0.95)
- d= precisión (3% no noso caso)

$$n = \frac{235 \cdot 1.96^2 \cdot 0.05 \cdot 0.95}{0.03^2 \cdot 234 + 1.96^2 \cdot 0.05 \cdot 0.95} = \frac{42.88}{0.39} = 109.94 \simeq 110$$

Necesitaríamos 110 enfermeiros/as.

Mostra axustada a perdas = n (1 / 1-R)

n = número de suxeitos sen perdas

R = proporción esperada de perda (15%)

Mostra axustada a perdas: $109.94 \cdot (1/1-0.15) = 129.34 \simeq 129$

129 enfermeiros requeridos para realizar o estudio

Táboa 1. Tamaño da mostra

| Persoal de enfermaría do CHUAC nas Unidades de Urgencias, UCI e Hospitalización COVID no ano 2020 | |
|--|-----|
| Poboación de enfermaría | 235 |
| Tamaño mostral de enfermeiros/as | 110 |
| Tamaño mostral de enfermeiros/as axustado a perdidas | 129 |

Fonte: Elaboración propia

6.2.7 Establecemento de variables

Coa finalidade de obter información indispensable e crucial para o estudo establecéncense as seguintes variables:

- Variables sociodemográficas: xénero, idade, estado civil, experiencia profesional, tipo de contrato, lugar de traballo.
- Síntomas emocionais do momento actual: Depresión, ansiedade e estrés.
- Síntomas de estrés laboral.
- Síntomas do Trastorno de Estrés Postraumático.

6.2.8 Ferramentas e técnicas de recollida de datos

Deséñase un cuestionario ad hoc que contén datos sociodemográficos [Anexo 1] e para coñecer os síntomas emocionais do momento actual do persoal que traballa na loita contra a infección por COVID-19, moitos estudos utilizaron a escala de autoavaliación da ansiedade DASS-21. [31, 32, 33, 34]

Trátase dunha escala de autoinforme, Depression Anxiety Stress Scales (DASS-21) [Anexo 2] (Lovibond e Lovibond en 1995) [35] composta por 21 ítems, constituída de tres factores: Depresión, Ansiedad e Estrés, cada un con sete ítems. Para responder, preséntanse catro alternativas de resposta nun formato tipo Likert, que van desde 0 ("Non describe nada do que me pasou nin que sentín durante a semana") ata 3 ("Si, isto pasoume moito, ou case sempre"). A escala foi validada en España por Bados et al en 2005 [36] e Fonseca-Pedrero, Paino, Lemos Giráldez e Muñiz, 2010 [37]. Será, polo tanto, o instrumento para avaliar as variables de Depresión, ansiedad e estrés. É un instrumento autoinformado que valora a intensidade/frecuencia de 21 síntomas asociados

a un estado emocional negativo, durante as 2 semanas anteriores. Datos previos suxiren que é un instrumento útil para o cribado de trastornos mentais, xa que ten unha boa validez discriminante. [38]

Tamén se empregará o Cuestionario para avaliar o Estrés Laboral: o Modelo Demanda - Control (DC) de Karasek [Anexo 3], que distingue, por unha banda, as exixencias ou demandas, maioritariamente de carácter psicosocial, e, por outra, o control, entendido como o conxunto de recursos cos que conta o traballador para fazer fronte a estas demandas, dado que as altas exixencias de traballo xeradas pola pandemia, é necesario valorar se o traballador pode afrontalas ou non se encontra en posición de influir en aspectos importantes das condicións de traballo. Esta situación xera estrés e pode aumentar a velocidade á que se producen os procesos de desgaste corporal, probablemente levando a un maior risco de enfermidade.

Ademais, avaliaremos o estrés postraumático coa Escala de Trauma de Davidson (The Davidson Trauma Scale - DTS) [39] [Anexo 4] para medir a frecuencia e a gravidade dos síntomas de TEPT (Trastorno de Estrés Postraumático) en suxeitos que experimentaron trauma. Esta escala está formada por 17 ítems que corresponden e avalían cada un dos 17 síntomas incluídos no DSM-IV. (Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais)

Todas as escalas foron utilizadas e validadas ampliamente en España.

6.2.9 Estratexia de recollida dos datos

Antes de iniciar o estudo solicitarase autorización ao Comité de Ética de Investigación de Galicia [Anexo 5] e á dirección da XXIAC [Anexo 10], para a realización da investigación.

Unha vez obtida a devandita autorización, a primeira fase do estudo consistirá na captación de profesionais de enfermaría, que se realizará mediante previa solicitud á Dirección de Procesos de Enfermaría. Solicitarase que se poña en contacto por teléfono ou correo electrónico co coordinador de enfermería das unidades correspondentes para que lle facilite a información sobre o estudo que se vai realizar e, posteriormente, concertar cita para prestarlle por escrito os consentimentos informado [Anexo 6], as follas

de información para o participante de estudo de investigación [Anexo 7], as follas de compromiso do investigador [Anexo 8]), e os correspondentes cuestionarios para a investigación [Anexos 2, 3 e 4] para que cada coordinador de enfermaría poida facilitarlllo ás enfermeiras/os da súa respectiva unidade e así estes profesionais poidan obter do mesmo modo toda a información relativa ao estudo xunto cos nosos datos persoais, para resolver todas as súas dúbidas.

Os datos extraídos dos participantes só serán coñecidos polos investigadores. Asignarase a cada participante un código alfanumérico que garanta a súa confidencialidade e facilite a localización dos seus datos, no caso de que deseñe abandonar o estudo por calquera motivo. Os datos informatizados estarán nun ordenador cun código de acceso que só coñecerá o investigador. Os consentimentos informados e os cuestionarios pecharanse nun armario con chave dunha oficina privada.

Toda a información obtida neste estudio será tratada con estrita confidencialidade polo equipo investigador, segundo a Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), e unha vez analizada, será destruída de acordo coas normas establecidas en materia de destrucción de datos.

6.2.10 Análise dos datos

Analizaranse os datos estatísticos dos apartados sociodemográficos e os cuestionarios utilizados, as variables que obteremos son cuantitativas e cualitativas e empregaremos diferentes métodos de análise.

En primeiro lugar, realizaremos un estudio descriptivo de todas as variables, tanto cuantitativas (media, mediana, desviación típica e rango) como cualitativas (frecuencia, valor absoluto e porcentaxe). Posteriormente realizaremos a correspondente análise inferencial.

Realizarase unha comparación das medias das variables cuantitativas mediante a T de Student ou o Test de Mann-Whitney segundo se requira en cada caso, e realizarase a proba de Kolmogorov-Smirnov para contrastar a hipótese de normalidade da poboación. Segundo o tipo de variables a estudar, utilizaranse os coeficientes de correlación de Pearson ou Spearman. A asociación das variables cualitativas estimarase mediante o estatístico Chi cadrado ou as probas exactas de Fisher segundo sexa necesario en cada caso.

Posteriormente, realizarase unha análise multivariante sucesiva da varianza (MANOVA), co fin de comprobar as diferenzas entre os niveis de depresión, ansiedade e estrés en función das variables sociodemográficas analizadas. Por último, realizarase unha análise de regresión lineal, tomaremos como variable dependente a puntuación DASS-21 como nivel de malestar psicolóxico e, por outra banda, incluiranse o sexo e a idade nun primeiro bloque, e a categoría laboral, os estresores laborais e de saúde, nun segundo bloque.

Os datos analizaranse mediante o programa estatístico IBM SPSS Statistics for Windows, Version 25.0 (Armonk, NY, EE. UU.).

7. LIMITACIÓN DO ESUDO

O presente estudo ten algunas limitacións importantes. En primeiro lugar, o uso dalgúns instrumentos como medidas autorreportadas podería comportar un sesgo nos resultados. Aínda que a información autoinformada non debería substituír á información heterorreportada, a utilidade destas técnicas, que destacan pola súa versatilidade, practicidade, facilidade de procesamento de respostas, aforro de custo e tempo, e o acceso que dan a información introspectiva e amplias mostras, as súas desvantaxes son os problemas asociados á súa validez e obxectividade, as baixas correlacións coas medidas comportamentais, a posible falta de motivación (convxultural e estrutural) dos participantes a responder, os posibles sesgos nas respostas e a conveniencia social. [40]

Tamén é importante ver o momento no que se van recoller os datos, dado que xa pasamos unha sexta onda da pandemia e non sabemos que pode pasar sabida a transversalidade da técnica, e é importante tener en conta no momento da xeneralización dos resultados, o que sería interesante é ver lonxitudinalmente a posteriori noutros estudos se os efectos achados sobre a saúde mental dos profesionais se prolongaron no tempo.

Outra limitación importante na información é que no momento da recollida de datos haxa profesionais en situación de baixa, algúns incluso por motivos de saúde mental, e que os reportados sexan só os activos, dado que os primeiros poderían modificar o poder estadístico dos resultados, e poderían implicar un sesgo na interpretación.

En canto aos sesgos de selección derivados dos criterios de inclusión e exclusión establecidos para a realización do estudo, a selección por conveniencia pode non

introducir sesgos con respecto á poboación total, polo que os resultados obtidos poden ser unha boa imaxe do universo estudiado.

Ademais, as características da mostraxe de conveniencia, mencionadas anteriormente, ten como consecuencia a imposibilidade de facer afirmacións xerais con rigor estatístico sobre a poboación.

Os sesgos de confusión provocados pola posible existencia de variables non controladas ou terceiras variables, que poden levar a unha sobreestimación ou subestimación da asociación entre as distintas variables, minimízanse mediante a recollida de variables sociodemográficas e a realización dunha análise multivariada de regresión.

Por outra parte, os resultados obtidos deste estudo deben considerarse dentro do contexto particular no que se extraen. Hai que ter en conta que os datos obtidos en contextos semellantes poden non ser completamente idénticos aos deste estudo e, polo tanto, non poden ser xeneralizables; pero si transferibles, aportando valor a estas investigacións.

8. PLAN DE TRABALLO

O presente proxecto de investigación realizarase a partir dunha serie de actividades que se reflicten nos seguintes diagramas de Gantt:

Táboa 2. Cronograma do proxecto de investigación

| FASES | CRONOGRAMA | | | | | | | |
|---|------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| | 2021-2022 | | | | | | | |
| | DEC | XAN | FEB | MAR | ABR | MAI | XUÑ | XUL |
| Búsqueda información bibliográfica | | | | | | | | |
| Análise da bibliografía e xustificación do estudo | | | | | | | | |
| Deseño do estudo | | | | | | | | |
| Presentación do proxecto | | | | | | | | |
| Consideracións ético-legais | | | | | | | | |

Táboa 3. Cronograma da realización do estudo

